


RISCOS DERIVADOS DO USO DE ESTADAS:


- ✓ Caídas a distinto nivel dende a estada.
- ✓ Caídas ao mesmo nivel na estada.
- ✓ Os derivados do derrubamento da estada.
- ✓ A envorcadura da estada.
- ✓ Caída de material dende a estada.

CONSIGNAS DE SEGURIDADE:


- ✓ Se se teñen que apoiar sobre superficies pouco resistentes ou terreos brandos utilizar taboleiros de reparto ou dormentes.
- ✓ Cando o terreo presente desniveis ou irregularidades utilizaranse tornos de nivelación.
- ✓ Ao montar e desmontar a estrutura tubular, os operarios empregarán o cinto de seguridade unidos a puntos sólidos.
- ✓ O material repartirase uniformemente pola plataforma e deberase cargar o estritamente necesario.



- ✓ Cando se traballe sobre beirarrúas, colocaranse pórticos de paso, formados por taboleiros ou calquera outro material resistente que evite a caída de obxectos ou materiais sobre as persoas que circulen por debaixo.




- ✓ Garantir a comunicación vertical da estada mediante utilización de escadas axeitadas, nunca coa propia estrutura da estada.




- ✓ Non traballar nunca sobre plataformas dispostas sobre a coroa da estada, se antes non se protexeu perimetralmente con varandas, listón intermedio e rodapé. (varandas de 90 cm de altura).

- ✓ As estadas de módulos con escada lateral montaranse con esta cara ao exterior.



- ✓ A distancia dende o paramento vertical no que se traballa ata a estada non excederá de 20 cm




- ✓ Non se efectuarán arriostramentos con cordas, arames, aros de plástico, etc...

- ✓ A estada arriostrarase á fachada do edificio cada 3 metros de altura.

- ✓ Antes de empezar a montar unha altura máis instalarase a varanda correspondente.

- ✓ As plataformas de traballo estarán unidas á estrutura tubular, de xeito que non poidan dar lugar a basculamentos, esvaróns ou calquera outro movemento perigoso.

- ✓ O ancho da plataforma de traballo será de polo menos 60 cm de ancho (tres taboleiros de 20 cm ou 2 pranchas metálicas de 30cm de anchura)



- ✓ Non se colocarán toldos na cara exterior: por acción do vento pódese producir un efecto de vela e perigar a estabilidade do conxunto da estada.

- ✓ Suspende os traballos os días de forte vento ou cando as condicións meteorolóxicas así o aconsellen.

- ✓ Cando se traballe con estadas tubulares sobre rodas, prohibirase o seu desprazamento mentres haxa persoas sobre elas.

- ✓ Antes de subir a unha estada sobre rodas, asegurarse de que estean freadas.

